

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 7 DE SETEMBRO DE 2026,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
DIEGO CALVO POUSO**

DECRETOS**CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE**

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural do patrimonio inmaterial a Romaxe da Nosa Señora dos Remedios na Ermida (Quiroga).

ACORDOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o proxecto de consolidación do fortalecemento da Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento (RGCUD), por un importe total de noventa e cinco mil euros (95.000,00 €).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADE E FP

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación, suxeita a regulación harmonizada, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria e licitación electrónica, das obras de construción dun novo IES no Pereiro de Aguiar (Ourense), polo importe de licitación de once millóns doce mil seiscientos cincuenta e catro euros con noventa e dous céntimos (11.012.654,92 €), IVE incluído, e cun valor estimado do contrato de nove millóns cento un mil trescentos sesenta e sete euros con setenta céntimos (9.101.367,70 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se lle autoriza á Axencia Galega de Innovación a realización de pagamentos anticipados ata o 80% da subvención concedida co límite de que a suma dos pagamentos á conta e os anticipos non poderá ser superior ao 90% da subvención total concedida correspondente aos pagamentos xustificadas nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, establecidos na resolución pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria das axudas Vinnovate Galicia para fomentar a cooperación transnacional dos axentes do Sistema galego de I+D a través de proxectos de colaboración con outros axentes europeos no marco do Mecanismo interrexional Vinnovate (convocatoria de 2026), por un importe dun millón de euros (1.000.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre a Axencia Galega de Innovación e a Asociación de Centros Tecnolóxicos de Galicia para fomentar a transferencia e internacionalización da I+D+i desenvolvida en Galicia, por importe de trescentos vinte e un mil cento dez euros, (321.110,00 €), e a exención da presentación de garantías para os pagamentos anticipados e á conta establecidos no convenio.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA

- Proxecto de acordo polo que se declara de interese autonómico (PIA) o proxecto de ampliación da industria Mantiñán Lestayo, S.L, no concello de Carral, A Coruña.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a cesión gratuíta ao Concello de Vigo dun inmovble con referencia catastral 4149101NG2744N0001DT (antiga estación de autobuses), situado no concello de Vigo.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza á Sociedade de Vivenda Pública de Galicia S.A. a licitación das obras de construción dun edificio de 24 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos na parcela UA N7 da rúa Angelo Colocci (Urpi 9) do concello de Lugo, cun orzamento de licitación e valor estimado, IVE excluído, de catro millóns douscentos setenta e cinco mil setecentos cincuenta e un euros con cinco céntimos (4.275.751,05 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se toma razón da licitación pola Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A. do contrato das obras para a construción dun edificio de 12 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos na parcela 14 do Plan parcial do sector A2 do Concello de San Cibrao das Viñas (Ourense), cun orzamento de licitación e valor estimado, IVE excluído, de dous millóns catrocentos mil euros (2.400.000,00 €).
- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e, definitivamente, o proxecto de trazado de fomento da mobilidade sustentable. Itinerario peonil e ciclista na AC-550. O Porto do Son, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de dous millóns seiscentos corenta e oito mil cinco euros con oitenta e cinco céntimos (2.648.005,85€). Actuación susceptible de ser cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa Galicia Feder 2021-2027.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza ao Servizo Galego de Saúde a adquisición da herdanza de María Ángeles Fernández Rodríguez, de conformidade co disposto no artigo 101.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.
- Acordo polo que se declara de interese autonómico o proxecto denominado Ordenación da contorna do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS), para os efectos previstos na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a contratación polo Servizo Galego de Saúde do contrato baseado no acordo marco (MA-SER4-23-005) para a prestación de servizos de hemodiálise en centros extrahospitalarios para a Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, por un orzamento base de licitación de seis millóns oitocentos cincuenta e sete mil cento trinta e seis euros (6.857.136,00 €) e un valor estimado de doce millóns setecentos noventa e nove mil novecentos oitenta e sete euros con vinte céntimos (12.799.987,20 €).
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello da Lama no que se establecen as bases para a reforma do centro de saúde da Lama, por un importe total de douscentos vinte e cinco mil euros (225.000,00 €).
- Acordo polo que se aproba o Plan estratéxico de saúde mental de Galicia 2026-2030.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Ponteceso para a instalación do sistema de climatización e renovación de aire no centro sociocultural de Ponteceso, por un importe de cento sesenta e dous mil noventa e cinco euros con trinta céntimos (162.095,30 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Fundación para a Pesca e Marisqueo (Fundamar) para o desenvolvemento do proxecto Dálle mar ao teu futuro, sobre orientación vocacional, dirixida ao alumnado de educación secundaria para o período 2026-2027, por un importe de corenta e sete mil novecentos oitenta e oito euros con noventa e tres céntimos (47.988,93 €).
- Acordo polo que se autoriza a concesión de pagamentos anticipados de ata o 100% e a exención de garantías nos pagamentos anticipados nas subvencións que se concedan ao abeiro da Orde da Consellería do Mar pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2026 para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas a proxectos colectivos, cofinanciados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), para equipamentos destinados á restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante medidas de conservación no marco de actividades marisqueiras sustentables, por importe de catro millóns de euros (4.000.000,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre a regularización do Rexistro de Augas e a súa importancia para a xestión dos recursos hídricos.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre a posta en marcha de novas medidas para a mellora educativa no curso 2026/27.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a loita integrada contra pragas e doenzas forestais, conservación de recursos xenéticos forestais, manexo de plantas e sementes, divulgación e comunicación da cultura forestal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL A ROMAXE DA NOSA SEÑORA DE REMEDIOS NA ERMIDA, NO MUNICIPIO LUCENSE DE QUIROGA

- O Consello dá o visto e praxe a este recoñecemento, que eleva a 798 os BIC existentes na comunidade
- O expediente recoñece o “valor cultural sobranceiro” desta celebración singular que xira ao redor da representación escenográfica coas figuras dun ‘Meco’, dous xigantes coñecidos como ‘Pampórnigas’ e as ‘amortalladas’
- A declaración farase oficial nos vindeiros días coa súa publicación no Diario Oficial de Galicia

A Xunta declara ben de interese cultural na categoría de patrimonio inmaterial a Romaxe da Nosa Señora dos Remedios da Ermida, que se celebra os días 8 e 9 de setembro desde hai séculos no municipio lucense de Quiroga. Así se acordou hoxe no Consello do Goberno galego, onde se lle deu o visto e praxe ao decreto, que se publicará nos vindeiros días no Diario Oficial de Galicia.

Deste xeito, o expediente recoñece o valor cultural sobranceiro desta tradición “transmitida de xeración en xeración” e o seu carácter singular en relación co resto das romarías de Galicia, xa que xira ao redor da representación escenográfica sobre a loita entre a fe e o mal, representado polo *Meco*, que leva posta unha careta de madeira con trazos demoníacos.

Nesta escenografía participan tamén as *amortalladas*, outro elemento propio da celebración, que seguen a figura da Virxe. Ao son da gaita bailan tanto o *Meco* como as coñecidas como *Pampórnigas*, que son dúas figuras xigantes que simbolizan un home e unha muller. Neste senso, un momento considerado polos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural como “determinante” desta “singular representación escenográfica” é cando a Virxe entra na igrexa e o *Meco* se prostra perante ela e o pobo, metáfora do espazo relixioso como refuxio.

Ademais, no expediente tamén se lle recoñece o feito que se celebre desde hai séculos “sen a penas mudar co paso do tempo mantendo a súa autenticidade”. De feito, salientase que, malia as prohibicións da aparición de xigantes e cabezudos ditaminadas por autoridades eclesiásticas e civís no século XVIII, persistiu a celebración coas figuras do *Meco* e das *Pampórnigas*, “como formas extraordinarias nunha romaría eclesiástica, na que reciben nomes orixinais que non se repiten noutra romaría galega”.

Participación da veciñanza de sete concellos

Por todos estes motivos, desde o departamento de Cultura da Xunta valórase que a Romaxe da Nosa Señora dos Remedios da Ermida é o “reflexo da apropiación identitaria”

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

feita da manifestación inmaterial pola veciñanza da Ermida. Ademais, inclúense todas aquelas persoas que participan na celebración, na salvagarda e na transmisión desta tradición como “pertencentes á comunidade portadora desta manifestación inmaterial”.

Neste senso, cómpre lembrar que as persoas que celebran a romaría nestes momentos exceden o ámbito parroquial e mesmo municipal de Quiroga, xa que se reúnen e participan neste ritual veciños dos concellos da contorna, como son Bóveda, O Courel, O Incio, Monforte de Lemos, A Pobra do Brollón ou Ribas de Sil.

Esta declaración eleva a 798 o número de bens de interese cultural existentes en Galicia. Así, permite culminar un proceso iniciado en outubro de 2024 pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e que se resolve agora antes de que se cumpra o prazo máximo de 24 meses establecido na Lei de patrimonio cultural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA COAS UNIVERSIDADES GALEGAS PARA FORTALECER A REDE GALEGA DE COOPERACIÓN UNIVERSITARIA PARA O DESENVOLVEMENTO

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio co que se pretende mellorar a capacidade desta rede a través do que o Goberno galego achega 40.000 euros en dúas anualidades e as tres universidades unha achega de 15.000 euros.

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio entre a Xunta e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o fortalecemento da Rede galega de cooperación universitaria ao desenvolvemento (RGCUD).

O Goberno galego achegará 80.000 euros distribuídos en dúas anualidades, isto é 40.000 euros neste 2026 e os 40.000 restantes o próximo ano, coa finalidade de mellorar as capacidades da Rede galega de cooperación universitaria ao desenvolvemento (RGCUD). Esta colaboración enmárcase no acordo que contará tamén cunha achega de 15.000 euros por parte das tres universidades galegas -5.000 euros cada unha delas- nas dúas anualidades.

Cómpre lembrar que o Sistema universitario galego (SUG) conta cunha ampla experiencia en cooperación universitaria ao desenvolvemento en coordinación coa RGCUD, como se ten materializado en colaboración coa Xunta no apoio aos proxectos financiados nos últimos anos neste ámbito.

A Xunta colabora desde 2014 coa Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento, que supuxo ata 2021 un investimento total de máis de 384.210 euros. Nese ano asinou un acordo anual dotado con 40.000 euros que permitiu implantar o *Plan estratéxico da Rede galega de cooperación universitaria ao desenvolvemento 2020-2030*, que tivo continuidade en 2022 e 2023 cun novo acordo bianual por 100.000 euros e que se renovou en 2024 por 80.000 euros outras dúas anualidades.

Nos últimos anos, a Xunta vén apoiando o esforzo das tres universidades galegas na creación, consolidación e fortalecemento dunha rede galega de cooperación universitaria ao desenvolvemento, o que permitiu reforzar as capacidades das universidades galegas como axente de cooperación, o establecemento dun plan de formación continua do seu persoal nesta materia e a identificación de proxectos, colaboracións e iniciativas de cooperación para o desenvolvemento en que participan as universidades galegas, entre outros.

A cooperación galega recolle como obxectivo o fortalecemento da capacidade institucional dos axentes galegos de cooperación para un maior alcance das súas actuacións, para o cal apoia a súa formación, capacitación e fortalecemento. Entre os

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

axentes galegos de cooperación as universidades teñen un papel destacado e que se está a potenciar nos últimos anos.

Doutro lado, o Plan anual da cooperación galega sinala a necesidade de seguir afondando na colaboración coas universidades galegas nos eidos da investigación, formación, sensibilización en materia de cooperación para o desenvolvemento, e na aplicación da Axenda 2030, para o cal se considera a importancia de continuar co apoio á RGCUD e de convertela nun factor chave para situar o sistema universitario galego como actor relevante de cooperación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 11 M€ NO INSTITUTO PADRE FEIJOO, O PRIMEIRO DO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR

- O Consello autorizou a licitación da obra de construción do centro, que ten un prazo de execución de 18 meses, polo que a previsión é que comece a funcionar no curso 2028-29
- A construción deste instituto dá resposta ao contexto de crecemento demográfico do Concello
- Contará con dúas aulas por cada curso de ESO e Bacharelato, ademais de aulas especializadas, ximnasio, biblioteca, cafetería e foro

A Xunta investirá máis de 11 M€ na construción do Instituto Padre Feijoo, o primeiro do concello ourensán do Pereiro de Aguiar. O Consello autorizou hoxe o expediente de licitación para construír este centro, o primeiro que se edifica de cero na provincia nos últimos 20 anos e o segundo instituto deseñado de xeito íntegro en base aos parámetros do Plan de nova arquitectura pedagóxica, despois do IES Domingo Villar (Vigo).

A actuación, que se prevé licitar en setembro ten un prazo de execución de 18 meses, polo que a previsión é que comece a funcionar no curso 2028-29. Esta intervención supón unha mellora moi significativa dos servizos educativos públicos no Pereiro de Aguiar, un concello que ata o momento non conta cun centro propio para impartir Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, o que supón que o alumnado ten que desprazarse a localidades próximas ou á capital da provincia Ourense para cursar estes estudos.

De xeito paralelo, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP está tamén a ampliar as instalacións do colexio do municipio, o CEIP Plurilingüe Ben-Cho-Shey, unha obra que conta cun orzamento de máis de 1,9 M€. Reafírmase así o compromiso do departamento educativo da Xunta coa dotación de novos espazos escolares nos concellos onde o crecemento demográfico é positivo e, polo tanto, existe un incremento de demanda de prazas.

Adaptado á contorna

O novo instituto terá dúas liñas de ESO e dúas liñas de Bacharelato. Asentarase sobre unha ladeira, cun deseño que reduce o impacto visual na contorna visual, ao tempo que se garante unha accesibilidade universal. O instituto organizarase en cinco edificios, catro deles de dúas plantas e o quinto configurado como un espazo a dobre altura para ximnasio. Todos eles estarán vinculados por un corredor que os atravesará e unirá en forma de espiña de peixe.

O acceso principal situarase no patio central do conxunto, reducindo as distancias, facilitando os desprazamentos rápidos e eliminando os largos percorridos por corredores. A organización espacial do conxunto realizarase en función dos usos de cada

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

estancia. Deste xeito, nos andares baixos e arredor da entrada principal e do gran vestíbulo multifuncional concentraranse os espazos de carácter administrativo, a biblioteca, a aula de música e a cafetería. Todas elas son estancias que poden usarse fóra do horario lectivo. Os espazos con maior carga de usuarios situaranse na fronte dos edificios, en relación co exterior, separados polo eixo en espiña de peixe dos que teñen menor circulación, que se disporán na parte traseira.

Os andares altos destinaranse a zona de aprendizaxe. Dos catro bloques, con cadanseu acceso cara ao exterior, tres destinaranse a aulas de clase, mentres que o cuarto concentrará as aulas especializadas (por exemplo a de debuxo). Cada bloque de aulas concentrará o curso completo (1º de ESO, 2º de ESO...), cun total de catro espazos, en concreto dúas aulas de clase, unha de desdobre e un aseo. As aulas de clase serán lindeiras entre si, cun tabique móbil medianeiro, de tal forma que a totalidade dos alumnos de cada curso poidan agruparse nun espazo de maior superficie. O foro será o espazo central a todas as aulas e desde el accederase ao restos das estancias, que terán tamén tabiques móbiles cara ao foro para poder abrirse a el.

O ximnasio ocupará o quinto edificio, dado que precisa menor interacción co resto dos espazos e conta cunha necesidades particulares e diferentes ás do resto do conxunto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA NOVOS PROXECTOS DE I+D+i CON OUTRAS REXIÓNS EUROPEAS CUN APOIO DE 1 M€

- A terceira edición da convocatoria Vinnovate apoiará proxectos colaborativos de investigación e innovación conformados por entidades de sete países, entre elas de Galicia, a única rexión española que participa xunto co País Vasco
- Nesta convocatoria os proxectos que concorran permitirán realizar avances en biotecnoloxías ou tecnoloxías renovables mariñas, apostando pola sustentabilidade e a protección do ambiente
- Nas edicións anteriores deuse pulo a 10 proxectos con participación galega en eidos como saúde, automoción, enerxías renovables, impresión 3D ou fabricación eficiente

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a terceira edición da convocatoria Vinnovate Galicia, unha liña de axudas cuxo obxectivo é potenciar unha maior colaboración e presenza europea e internacional da investigación e innovación europea, promovendo a realización de proxectos colaborativos interrexionais de I+D+i.

A nova convocatoria, impulsada pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, ascende a 1 M€ cofinanciados pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e financiará os axentes da nosa Comunidade que participen en proxectos de desenvolvemento experimental e solucións innovadoras entre empresas e organismos de investigación de polo menos dúas rexións das nove participantes. Tamén deben estar centrados en ámbitos temáticos aliñados coas súas respectivas estratexias de especialización intelixente, é dicir, as áreas en que cada rexión se está especializando tendo en conta as súas capacidades específicas.

As propostas de proxectos galegos ao abeiro da convocatoria Vinnovate Galicia 2026 deberán contribuír ao desenvolvemento de tecnoloxías incluídas na Plataforma de tecnoloxías estratéxicas para Europa (STEP), como son biotecnoloxías, tecnoloxías profundas ou *deep tech* (IA e cuántica), tecnoloxías do hidróxeno como electrolizadores, pilas de combustible e aplicacións industriais, biotecnoloxías aplicadas á saúde como xenómica, terapias avanzadas e medicamento personalizado, tecnoloxías renovables mariñas e fabricación avanzada para aplicacións *offshore* ou tecnoloxías eficientes no uso dos recursos (*net-zero technologies*).

O consorcio galego deberá estar constituído por entre dúas e catro entidades que non deben estar vencelladas entre si e polo menos unha delas debe ser unha peme. A participación mínima das pemes no orzamento da parte galega do proxecto será do 30%. As axudas poderán acadar os 500.000 euros para proxectos –que se executarán ata o 30 de setembro de 2029– e o orzamento mínimo da participación galega será de 150.000 euros.

As rexións que participan en Europa en Vinnovate pertencen a sete países e son as seguintes: Leste dos Países Baixos-provincias de Gelderland e Overijssel-, ademais de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Brabante Setentrional (Países Baixos), Gales (Reino Unido), Galicia e País Vasco (España), Baixa Austria (Austria), Baixa Saxonia (Alemaña), norte de Portugal (Portugal) e nordeste de Romanía (Romanía).

Anteriores convocatorias Vinnovate Galicia

Nas dúas convocatorias anteriores apoiáronse 10 proxectos con participación galega nos eidos da saúde intelixente, a automoción, as enerxías renovables, o sector forestal, a produción de alto rendemento a través de impresión 3D ou a fabricación eficiente e sustentable. A Xunta destinou ao desenvolvemento destes proxectos máis de 2 M€.

Entre as novidades desta edición destaca que os proxectos contribúan ao desenvolvemento de tecnoloxías STEP, o que permitirá realizar avances en áreas concretas, como as biotecnoloxías ou as tecnoloxías renovables mariñas. Nesta edición a sostibilidade é un punto clave: poderán presentarse iniciativas que reduzan a pegada de carbono e xestionen de xeito máis eficiente os recursos naturais, nunha aposta por un contorno máis limpo e saudable, o benestar da cidadanía e a protección do ambiente. Nesta convocatoria os organismos de investigación sen actividade económica percibirán un 100% de subvención.

Procedemento de solicitude

O procedemento de solicitude consta de dúas fases: unha primeira, ata o 10 de setembro, en que o líder do proxecto debe presentar ante a *Vanguard Initiative* un formulario coa proposta, coa finalidade de verificar o cumprimento dos criterios e, posteriormente, se o informe desta é favorable, a entidade galega deberá presentarse á convocatoria da Axencia Galega de Innovación. O prazo de presentación de solicitudes desta segunda fase comezará o día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), que se publicará en breve, e rematará o 19 de outubro. A resolución da convocatoria prevese en decembro de 2026.

A *Vanguard Initiative*, da que Galicia forma parte desde 2015, é unha alianza formada por 35 rexións europeas que ten como obxectivo estimular o crecemento europeo baseado na I+D+i mediante a colaboración interrexional. Galicia foi pioneira entre as comunidades autónomas en participar neste mecanismo de financiamento da I+D+i a nivel europeo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 200.000 € AOS CENTROS TECNOLÓXICOS PARA A INTERNACIONALIZACIÓN DA NOSA I+G+i

- O Consello da Xunta dá luz verde ao convenio bianual entre a Axencia Galega de Innovación e a Alianza Tecnolóxica Intersectorial de Galicia (Atiga), conformada por seis centros, para fomentar a competitividade do sistema galego de I+D+i
- Mediante esta colaboración activarase a presenza de Atiga en redes tecnolóxicas europeas e a participación de empresas galegas en proxectos
- Persegue tamén fortalecer a capacidade dos centros tecnolóxicos para axudar a innovar ao tecido empresarial, como vector de transformación das nosas pemes
- Os seis centros tecnolóxicos integrados en Atiga dan emprego a 1.900 persoas de 36 nacionalidades e promoven máis de 500 proxectos de I+D+i ao ano

A Xunta de Galicia apoia o labor dos centros tecnolóxicos galegos para dar visibilidade e contribuír á competitividade e á internacionalización da nosa I+G+i. O Consello vén de dar luz verde ao convenio de colaboración bianual entre a Axencia Galega de Innovación e a Alianza Tecnolóxica Intersectorial de Galicia (Atiga) para fomentar a transferencia e axudar a innovar o tecido empresarial galego. O importe total deste convenio, vixente en 2026 e 2027, ascende a 321.000€, dos que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, a través da Axencia Galega de Innovación, achega 210.000€ e Atiga 111.110€.

Os centros tecnolóxicos galegos son axentes clave para a innovación empresarial e para a modernización de sectores punteiros na economía galega. Conforman a Alianza Tecnolóxica Intersectorial de Galicia (Atiga) AIMEN, Anfaco-CYTMA, CETIM, CTAG, Gradient e ITG, centros con ampla actividade innovadora e que xogan un papel fundamental no avance e internacionalización da nosa I+G+i.

Desde a Xunta de Galicia trabállase man a man con estes organismos para situar o ecosistema innovador galego nunha posición destacada no ámbito europeo. A través deste convenio activarase a presenza de Atiga en redes tecnolóxicas europeas e a participación de empresas galegas en proxectos dese ámbito. Esta colaboración persegue tamén a difusión de tecnoloxías emerxentes e do potencial dos propios centros tecnolóxicos para axudar a innovar o tecido empresarial, tendo en conta que son vector de transformación das nosas pemes a través da innovación, cunha carteira de clientes de máis de 2.000 empresas.

O convenio busca, ademais, fortalecer a especialización dos centros tecnolóxicos, en liña coas principais tendencias a nivel europeo; mellorar o seu posicionamento e financiamento nos ámbitos nacional e internacional, e aposta pola identificación de oportunidades conxuntas de actuación. Só en 2025, os centros tecnolóxicos conseguiron captar 49 M€ para I+D+i en convocatorias autonómicas, nacionais e fondos europeos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Colaboración desde 2015

Esta colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e Atiga para fomentar a transferencia e a internacionalización da I+D+i desenvolvida en Galicia lévase a cabo desde 2015. O convenio que agora se asina é o sétimo e o apoio da Xunta á alianza dos centros tecnolóxicos galegos nestes anos ascende a un total de 1.306.330€.

Os centros tecnolóxicos integrados en Atiga acadan cada ano un importante impacto económico. Ademais, contribúen ao desenvolvemento social, dando emprego a preto de 1.900 persoas de 36 nacionalidades, con máis de 500 proxectos de I+D+i anuais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA DE INTERESE AUTONÓMICO O PROXECTO DE AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS DA EMPRESA CORUÑESA MANTIÑÁN LESTAYO EN CARRAL

- Permitirá a creación de máis dunha trintena de novos postos de traballo directos e contará cun investimento total de 10 millóns de euros
- Desde a aprobación da norma que regula os proxectos de interese autonómico (PIA) no ano 2021, foron declarados seis PIA cuxo obxecto son actuacións de carácter industrial

O Consello da Xunta acordou esta mañá a declaración de interese autonómico do proxecto de ampliación das instalacións do grupo empresarial Mantiñán Lestayo, en Carral, unha firma dedicada á carpintería metálica que dá traballo a máis dun centenar de traballadores desde hai preto de trinta anos. A declaración permitirá a súa consolidación no polígono industrial dos Capelos, onde desenvolve a súa actividade, ao facilitar o incremento da superficie actual, a modernización dos procesos produtivos e, en definitiva, a mellora da súa competitividade.

O Grupo Mantiñán Lestayo investirá un total de 10,09 millóns de euros, dos que algo máis da metade, 6,5 millóns de euros, se destinarán ao conxunto da construción e os 3,59 restantes dedicaranse a equipamento, maquinaria e novas tecnoloxías. O ámbito de actuación abrangue unha superficie total de 55.240 m², en que a superficie total construída pasará dos 10.000 m² existentes aos 30.000 m² cos que poderá contar finalmente esta firma coruñesa. A ampliación suporá, ademais, a creación de máis de 30 novos postos de traballo directos.

O proxecto prevé a creación dunha zona de solo urbanizable para destinalo á ampliación das instalacións industriais existentes, mellorando as comunicacións entre elas e permitindo a especialización de cada edificación. Así mesmo, prevese a urbanización da contorna co fin de adaptala ás necesidades de manobra, aparcamento e a unha mellor integración natural e paisaxística. A intervención executarase en dúas fases cun cronograma previsto para os vindeiros seis anos.

Tras a declaración no Consello celebrado hoxe -que se produce en coherencia cos instrumentos de ordenación do territorio de Galicia e se fundamenta tanto na riqueza e creación de emprego que vai supoñer para a zona, como por supoñer un avance cara a un novo modelo industrial- iníciase o procedemento para aprobar esta iniciativa como proxecto de interese autonómico.

Desde a aprobación da norma que regula os proxectos de interese autonómico (PIA) no ano 2021, foron declarados polo Consello da Xunta de Galicia seis PIA cuxo obxecto son actuacións de carácter industrial: a ampliación das instalacións de Aguas do Paraño, en Boborás (Ourense); o campus de I+D do Grupo Santos, en Boqueixón (A Coruña); a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ampliación das instalacións de Montajes Fivi, en Teo (A Coruña), que xa acadou a fase de aprobación; a mellora e ampliación do proceso produtivo e loxístico do centro de procesado avícola de Coren en Santa Cruz de Arrabaldo (Ourense), a ampliación das instalacións de Prefabricados Santa Comba, no concello de Santa Comba (A Coruña), e o acordado na reunión celebrada esta mañá do grupo empresarial Mantiñán Lestay.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACORDA A CESIÓN GRATUÍTA DO INMOBLE DA ANTIGA ESTACIÓN DE AUTOBUSES AO CONCELLO DE VIGO

- O Goberno galego inicia a tramitación do expediente de cesión nas condicións actuais, que inclúe a parcela e os seus accesos
- Os usos do inmovible están limitados polo PXOM a zona verde e usos viarios

O Consello da Xunta acordou hoxe a cesión gratuíta ao Concello de Vigo do inmovible da antiga estación de autobuses, situado na avenida de Madrid da cidade olívica, nunha zona que, segundo o PXOM, ten como únicos usos posibles os de zona verde e viarios.

O Goberno galego inicia deste xeito a tramitación do expediente de cesión nas condicións actuais, incluíndo a parcela e os seus accesos. As cláusulas do documento recollen que o inmovible deberá destinarse aos usos previstos no PXOM e que o Concello deberá remitir cada tres anos á Xunta a documentación que acredite o destino do mesmo.

A cesión vaise formalizar nun documento administrativo que terá que ser aceptado sen condicionamentos de ningún tipo e que recolle que a Administración que recibe o ben patrimonial deberá inscribilo no Rexistro da Propiedade e no Catastro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA LICITA A OBRA DE CONSTRUCCIÓN DE 24 NOVAS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN LUGO

- As vivendas construíranse na parcela UA N7 da rúa Angelo Colocci, permutada co Concello de Lugo
- O importe de licitación é de máis de 4,2 millóns de euros

O Consello da Xunta autorizou a licitación do contrato de execución das obras de construción de 24 vivendas de promoción pública que se construírán na rúa Angelo Colocci, nunha parcela permutada co Concello de Lugo.

O importe de licitación do contrato será de 4.275.751,05 euros.

A edificación proxectada ten unha superficie construída total de 3.539,55 metros cadrados. No que se refire á distribución, o soto destinarase a 18 prazas de garaxe, unha delas adaptada, ocupando toda a superficie da parcela.

A planta baixa será destinada a dous portais de acceso, local garaxe en planta baixa para 6 prazas, 24 rochos, local veciñal, centro transformación e cuartos de instalación, ocupando toda a superficie da parcela.

Nas plantas primeira, segunda e terceira, haberá 5 vivendas por andar (3 de 3 dormitorios e 2 de 2 dormitorios) con acceso por dous núcleos de comunicación verticais.

Na planta cuarta haberá 5 vivendas por planta (2 de 3 dormitorios e 3 de 2 dormitorios) con acceso por dous núcleos de comunicación verticais.

A planta baixo cuberta estará destinada a 4 vivendas (1 de 1 dormitorio, 2 de 2 dormitorios, 1 de 3 dormitorios e 1 de 4 dormitorios) con acceso por dous núcleos de comunicación vertical.

O programa das vivendas é o seguinte:

NÚMERO DORMITORIOS	NÚMERO VIVENDAS	SUPERFICIE ÚTIL
1	1	53,95 m ²
2	11	65,95 m ² - 76,50 m ²
3	10	80,10 m ² -

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

		86,90 m ²
3 adaptada	1	86,45 m ²
4 adaptada	1	97,00 m ²
TOTAL	24	1.839,20 m ²

A licitación enmárcase no compromiso da Xunta de duplicar o parque de vivenda pública no período 2024-2028 para chegar ás 8.000 vivendas públicas e a previsión do Pacto de vivenda de Galicia 2026-2030 de chegar a 10.000 vivendas públicas no ano 2030.

En Lugo a Xunta ten en distintas fases de desenvolvemento un total de 615 vivendas de promoción pública.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA LICITA A OBRA DE CONSTRUCCIÓN DE 12 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN SAN CIBRAO DAS VIÑAS

- As vivendas construíranse na parcela 14 do Plan parcial do sector A2, cedida polo Concello
- O importe de licitación é de máis de 2,4 millóns de euros

O Consello da Xunta autorizou a licitación do contrato de execución das obras de construción de 12 vivendas de promoción pública en San Cibrao das Viñas, que se construírán na parcela 14 do Plan parcial do sector A2, cedida polo concello.

O importe de licitación do contrato destas obras será de 2.400.000 euros.

A parcela onde se situarán as vivendas ten unha superficie de 470,12 metros cadrados.

O edificio proxectado consta dunha planta de soto destinada a garaxes e rochos e que ocupa toda a superficie parcela. A planta baixa dedicarase a acceso, locais de instalacións, reserva para o almacén de contedores do lixo, cuartos de limpeza, espazo de reserva para centro de transformación e vivenda. As plantas altas serán para uso vivenda en dúas alturas e baixo cuberta.

As obras teñen por obxecto a construción de 12 vivendas protexidas de promoción pública, con rochos e aparcamentos. O uso característico é o de vivenda residencial colectiva.

En relación coa distribución por plantas, no semisoto disporanse os garaxes e rochos; na planta baixa, o portal de acceso, zonas comúns, centro de transformación e dúas vivendas de 2 dormitorios. Nas plantas primeira e segunda, haberá dúas vivendas de 3 dormitorios e dúas vivendas de 2 dormitorios en cada planta; na planta baixo cuberta, unha vivenda de 2 dormitorios e 1 de 4 dormitorios.

O programa das vivendas é o seguinte:

NÚMERO DORMITORIOS	NÚMERO VIVENDAS	SUPERFICIE ÚTIL
2	6	60,52 – 68,05
2 adaptada	1	60,69
3	4	88,18 – 88,76
4	1	96,84
TOTAL	12	891,01 m²

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con esta actuación, a Xunta continúa avanzando no compromiso de duplicar o parque público de vivenda e acadar as 8.000 no ano 2028.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA SENDA NA AC-550, AO SEU PASO POLO PORTO DO SON, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO QUE ROLDA OS 2,65 M€

- Trátase da execución dun itinerario de uso compartido peonil-ciclista en paralelo á AC-550, ao longo de dous treitos independentes
- O primeiro treito desenvolverase pola marxe esquerda da AC-550, ao longo de algo máis de 1 quilómetro de lonxitude, no tramo que une Linteiros e A Gafa, onde empezan as beirarrúas que se prolongan ata Portosín
- O segundo treito discorrerá pola marxe dereita da vía autonómica, xerando un itinerario de 3,2 quilómetros de lonxitude, iniciándose ao final da zona urbana de Freixedo e alcanzando as beirarrúas que comezan no tanatorio de Campo de Prado
- A Xunta segue avanzando na supervisión do proxecto construtivo, para a próxima licitación das obras
- O Goberno galego segue impulsando actuacións que favorecen unha Galicia máis conectada, mellorando as comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis cómoda e segura

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe á aprobación do proxecto de trazado para a execución dun itinerario de uso compartido peonil-ciclista en paralelo á AC-550, ao longo de dous treitos independentes, no concello do Porto do Son.

O obxectivo desta intervención, que suporá un investimento que roldará os 2,65M€, a mellora da mobilidade e a seguridade viaria nesta estrada autonómica ao seu paso polo municipio coruñés.

En concreto, o primeiro treito desenvólvese pola marxe esquerda da AC-550, ao longo de algo máis de 1 quilómetro de lonxitude, no tramo comprendido entre o quilómetro 78+320 e o 79+400, comunicando Linteiros e A Gafa.

O segundo treito discorrerá pola marxe dereita desta vía da Xunta, entre o punto quilométrico 81+400 e o 84+600, iniciándose ao final da zona urbana de Freixedo e alcanzando Campo de Prado; neste percorrido entre o quilómetro 81+910 e o 82+020, a presenza dunha edificación xunto á beiravía impide a implantación da senda neste tramo.

A aprobación definitiva hoxe deste proxecto por parte do Executivo autonómico comporta tamén a declaración de utilidade pública. Coa aprobación de hoxe, a Xunta segue avanzando na supervisión do proxecto construtivo, para a próxima licitación das obras. O prazo de execución da intervención é de 14 meses.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A actuación

A actuación deseñada pola Xunta consiste na intervención no primeiro treito proposto desenvólvese pola marxe esquerda da estrada AC-550 e percorre o núcleo de Linteiros, prolóngase ao longo de algo máis de 1 quilómetro de lonxitude (entre os puntos quilométricos 78+320-79+400), ata Gafa, onde empezan as beirarrúas que se prolongan ata Portosín.

O segundo treito levarase a cabo pola marxe dereita desta mesma vía autonómica (no treito comprendido entre o quilómetro 81+400 e o 84+600), xerando un itinerario seguro de 3.2 quilómetros de lonxitude, e comunicando as beirarrúas de Freixedo coas que se inician no tanatorio de Campo de Prado. En concreto, neste treito intervírase nunha lonxitude de algo máis de 2,3 quilómetros, ao exceptuarse o tramo entre o quilómetro 81+910 e o 82+020 que impide a ampliación da beiravía pola presenza dunha edificación.

O conxunto da intervención levarase a cabo adxacente á estrada e mantendo o mesmo trazado que esta. A senda disporá dun ancho de algo máis de 2 metros, mantendo unha beiravía de 1 metro. A senda elévase 4 centímetros sobre a beiravía.

En todo o percorrido o pavimento será de formigón bicapa en cor terrizo. Nos accesos ás parcelas e nos cruzamentos cos camiños municipais o pavimento irá reforzado con mallazo de aceiro, e empregarase pavimento podotáctil nos cruzamentos coas estradas municipais e na parada de autobús.

En paralelo á calzada executarase un caz con sumidoiros, cada 20 metros, que conducirán as augas a un conduto de pluviais baixo a senda.

Entre os puntos quilométricos 79+020 e 79+140, executarase unha pasarela pilotada que salvará o río Hornanda mediante un paso de 9 m de luz. O río Quintáns (no quilómetro 84+380), salvarase tamén cunha estrutura de 15 m de luz.

Executaranse muros de cachotería, entre os quilómetros 78+880 - 78+930 e 83+483 - 83+532, así como no noiro xunto ao río Sandión e onde os estribos do paso sobre o río Quintáns. Empréganse muretes de formigón entre os quilómetros 78+430 e 78+445 e no 84+110.

Para minimizar as futuras afeccións á senda debido a obras de redes de servizos, propónse a inclusión dun prisma de canalización para iluminación pública, así como a execución dun prisma para as telecomunicacións en solo urbano.

A senda proxectada permite tamén mellorar a accesibilidade de seis paradas de autobús localizadas ao longo do seu percorrido; das cales 3, mantense na súa localización actual, adaptando a súa posición, e as outras 3 serán trasladadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Dispónse tamén no proxecto da intervención un paso de 1,80 metros por diante dos refuxios e xérase un apartadoiro, e substituiranse os refuxios segundo corresponda, e de acordo aos existentes modelos da Dirección Xeral de Mobilidade, dependente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

As actuacións recollidas neste proxecto documento contarán coa financiación dos fondos do Programa Operativo FEDER 21/27.

O Goberno galego continúa a traballar no impulso de actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis cómoda e segura.

Imaxes de planta de actuacións previstas:



[illegible]



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A ACEPTACIÓN POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DA METADE DUNHA HERDANZA VALORADA EN MÁIS DE 92.000 €

- A falecida deixou como herdeiros dos seus bens, a partes iguais, a Asociación Española Contra o Cancro de Ourense e o Servizo de Psiquiatría do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense
- A herdanza está formada por un inmovible na cidade de Ourense valorado en 74.000 euros e un saldo bancario de preto de 18.300 euros
- Ao Servizo Galego de Saúde correspóndelle o 50 % da herdanza, que suma un valor que supera os 46.000 euros

O Consello da Xunta autorizou hoxe a aceptación por parte do Servizo Galego de Saúde da metade dunha herdanza cun valor estimado de 92.337 euros.

A falecida, finada en xaneiro de 2023, deixou como herdeiros universais, a partes iguais, a Asociación Española Contra o Cancro de Ourense e o Servizo de Psiquiatría do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. Ao non ter este servizo personalidade xurídica propia, é o Servizo Galego de Saúde quen debe asumir a parte da herdanza que lle corresponde.

A herdanza está formada por un inmovible situado na cidade de Ourense, cun valor de referencia de 74.000 euros e por un saldo bancario de preto de 18.300 euros. Deste modo, o 50 % da herdanza que corresponde ao Servizo Galego de Saúde está valorada en algo máis de 46.000 euros.

A autorización do Consello da Xunta é necesaria para que o Servizo Galego de Saúde poida aceptar a herdanza, de acordo co establecido na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia.

Unha vez aceptada a herdanza, o Servizo Galego de Saúde coordinará coa Asociación Española Contra o Cancro de Ourense as actuacións necesarias para xestionar o inmovible.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DECLARA DE INTERESE AUTONÓMICO O PROXECTO DE ORDENACIÓN DA CONTORNA DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, salienta que o obxectivo é “dispoñer canto antes” dos terreos necesarios para a ampliación e renovación do hospital, incluíndo as actuacións de urbanización, accesos e mobilidade
- A Xunta avanza na elaboración do proxecto de interese autonómico que reordenará o ámbito da contorna do complexo hospitalario co fin de que estea listo a finais deste ano ou a principios de 2027
- Entre as actuacións previstas está a mellora dos accesos viarios, a humanización da contorna do hospital e a construción dun aparcadoiro de 1.500 prazas
- Calvo lembra que o hospital da servizo “ a 425.000 veciños de 46 concellos” e é referente autonómico en determinadas áreas

O Consello da Xunta aprobou hoxe, na súa reunión semanal, o acordo polo que se declara proxecto de interese autonómico (PIA) a ordenación da contorna do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS), para os efectos previstos na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, determinando como órgano competente por razón da materia a Consellería de Sanidade. “Deste xeito, a Xunta poderá dispoñer canto antes dos terreos necesarios para mellorar os accesos e a mobilidade no futuro hospital”, indicou o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo.

Este proxecto reúne as condicións esixidas para a súa declaración como de interese autonómico, ao concorrer tanto o requisito de transcendencia supramunicipal como o da súa función vertebradora e estruturante do territorio.

Calvo lembrou que o CHUS constitúe un centro sanitario estratéxico de referencia que presta asistencia especializada á Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, é dicir, da servizo “a 425.000 veciños de 46 concellos”. Ademais, este complexo hospitalario universitario desenvolve funcións de referencia autonómica en determinados ámbitos de alta especialización sanitaria, docente, investigadora e tecnolóxica, transcendendo amplamente o ámbito municipal e comarcal.

Este proxecto responde á planificación do sistema público de saúde de Galicia e contribúe á adaptación das infraestruturas sanitarias ás necesidades derivadas da evolución demográfica e do envellecemento da poboación. Xunto ao anterior, reforza a cohesión territorial e a calidade asistencial mediante a modernización dun centro estratéxico para Galicia.

Intervención integral

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O obxecto do proxecto de interese autonómico é ordenar o solo para que o Executivo galego poida dispoñer dos terreos necesarios para acometer as obras precisas de urbanización, ampliación e renovación do actual complexo hospitalario universitario da capital de Galicia, incluíndo as actuacións sobre os accesos, a mobilidade e as infraestruturas asociadas ao ámbito sanitario.

O proxecto de interese autonómico que reordenará o ámbito da contorna deste centro da rede sanitaria pública galega para ampliar as zonas de aparcadoiro, mellorar o sistema viario de accesos, así como a mobilidade interna, está en fase de elaboración pola empresa adxudicataria Proyfe, coa fin de que estea listo a finais deste ano ou a principios de 2027.

A proposta de ordenación prevé unha intervención integral para mellorar a funcionalidade, a accesibilidade e a integración paisaxística do complexo hospitalario.

Calvo explicou que, entre as actuacións previstas, destacan a reordenación dos accesos e da rede viaria mediante unha circulación perimetral que diferencie os distintos tipos de tráfico, a creación de aparcadoiros perimetrais conectados por itinerarios peonís accesibles, a redución da circulación e do estacionamento no interior do recinto hospitalario, e a humanización dos espazos libres mediante zonas verdes, arboredo e áreas peonís.

Destaca, así mesmo, a creación dunha praza pública de acceso entre o Clínico, o Hospital Gil Casares e o Centro de Protonterapia. Trátase, polo tanto, duna actuación que ordena o territorio e que afecta un pilar da política autonómica, como é a sanidade.

Aproveitando a oportunidade estratéxica que supón o proxecto de interese autonómico, a Consellería de Sanidade planifica con máis ambición o futuro do hospital priorizando a necesidade máis premente, que é a ampliación das urxencias, ademais de apostar por un crecemento máis ordenado do hospital a curto, medio e longo prazo, desde o punto de vista dos fluxos e das comunicacións, tanto para pacientes como para profesionais.

No marco desta ordenación e mellora da accesibilidade do CHUS, a Xunta construírá un novo aparcadoiro de 1.500 prazas.

Ademais, nestes momentos estanse a ultimar os traballos do Edificio C do Complexo Hospitalario, coa fin de que poida entrar en funcionamento antes de que remate o ano.

Polo que respecta ao Centro de Protonterapia de Galicia, tamén na contorna do Clínico, está previsto que a finais deste ano e principios do vindeiro poida estar tratando xa os primeiros pacientes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE MÁIS DE 6,8 M€ PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE HEMODIÁLISE EXTRAHOSPITALARIA NA ÁREA SANITARIA DE LUGO, A MARIÑA E MONFORTE DE LEMOS

- Estímase que se poderán beneficiar desta iniciativa 111 pacientes ao ano
- O contrato ten unha duración prevista de tres anos, prorrogable por dous anos máis
- Prevense 1.443 sesións de hemodiálise mensuais e 17.316 sesións anuais deste servizo
- Todos os pacientes incluídos nesta prestación terán unha avaliación previa por parte do Servizo de Nefroloxía de Lugo
- Os datos clínicos de pacientes hemodializados serán integrados na plataforma tecnolóxica do Servizo Galego de Saúde Telea

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación, por parte do Servizo Galego de Saúde, da prestación do servizo de hemodiálise extrahospitalaria na Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, cun orzamento base de licitación de 6.857.136 euros e cun período de vixencia inicial de tres anos.

O contrato, baseado nun acordo marco, ten un valor estimado de 12.799.987,20 euros, atendendo ás súas posibles modificacións e prórrogas por outros dous anos máis.

O departamento sanitario galego calcula que se poderán beneficiar desta contratación, con base na asistencia prestada no pasado ano, 111 pacientes anuais, cun número de 1.443 sesións mensuais e 17.316 sesións anuais deste servizo.

Todos os pacientes incluídos nesta prestación terán unha avaliación previa por parte do Servizo de Nefroloxía de Lugo.

Os datos clínicos de pacientes hemodializados serán integrados na plataforma tecnolóxica do Servizo Galego de Saúde Telea, destinada ao seguimento de doentes crónicos.

Calidade de vida

A diálise é unha terapia de substitución renal que ten como finalidade suplir parcialmente a función dos riles. A partir dunha perda significativa da función renal que aboca a unha insuficiencia renal crónica, os pacientes deben someterse ao tratamento que lles permita extraer as toxinas e o exceso de auga do sangue, como norma xeral, tres veces por semana.

O contrato autorizado hoxe polo Consello da Xunta ten por obxecto a hemodiálise, método de diálise en que se extrae o sangue do organismo e se bombea cunha máquina

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ata un dializador (ril artificial), que filtra os residuos metabólicos e devolve o sangue purificado ao organismo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DA LAMA PARA ACOMETER A REFORMA INTEGRAL DO CENTRO DE SAÚDE CUN INVESTIMENTO DE 225.000 €

- Os traballos permitirán modernizar de forma integral o centro de saúde, coa renovación da cuberta e fachadas, a mellora do illamento térmico e das carpinterías, así como a actualización das instalacións eléctrica e de climatización
- O proxecto inclúe a reorganización e ampliación da zona de urxencias, unha nova consulta de enfermaría e un aseo adaptado co que se reforzará a accesibilidade do centro e mellorará a atención á veciñanza

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello da Lama para acometer a reforma integral do centro de saúde desta localidade mediante un investimento global de 225.000 euros.

Os traballos permitirán mellorar o estado da infraestrutura sanitaria, solucionando problemas de humidades, modernizando as súas instalacións e adaptando os espazos ás necesidades actuais de pacientes e persoal sanitario.

En concreto, a intervención permitirá rediseñar os espazos asistenciais do centro de saúde, posibilitando a ampliación e mellor acceso da zona de urxencias, unha nova consulta de enfermaría, así como un aseo completamente adaptado para persoas con mobilidade reducida.

Renovarase a cuberta do centro de saúde e mellorarase a envolvente do edificio, mediante a limpeza e tratamento hidrofugado das súas fachadas. Así mesmo, substituiranse as fiestras e as portas por outras máis eficientes a nivel térmico e tamén se instalarán novas baixantes e elementos de drenaxe.

No interior, renovarase o falso teito modular, pintaranse os seus espazos e colocaranse un novo pavimento de linóleo sobre a superficie actual (222 m²). Ademais, levarase a cabo a substitución integral da cablaxe eléctrica, instalaranse novas luminarias e substituiranse os radiadores por modelos de maior eficiencia.

Tal e como recolle o convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta, o Servizo Galego de Saúde achegará un investimento autonómico de 150.000 euros para financiar os traballos.

O acordo terá vixencia desde a súa sinatura ata o 29 de decembro de 2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PLAN ESTRATÉXICO DE SAÚDE MENTAL DE GALICIA 2026-2030 QUE INCREMENTA PRETO DUN 50 % OS PROFESIONAIS E ACADA UN INVESTIMENTO DE 177 M€

- O conselleiro de Presidencia salienta que este orzamento “duplica con creces” o do Plan anterior e busca avanzar “cara un modelo asistencial máis accesible e coordinado”
- O titular de Sanidade lembra que a saúde mental “é unha materia estratéxica e prioritaria” para a Xunta
- O Executivo galego reforzará a rede sanitaria pública con 357 novos especialistas
- Incorporaranse máis de 120 facultativos especialistas de psiquiatría e psicoloxía clínica e máis dun cento de profesionais de enfermaría especialistas en saúde mental
- Potenciarase a asistencia en atención primaria coa ampliación da rede de psicólogos clínicos ata chegar a 50 profesionais ao remate do plan
- Entre as medidas destaca a ampliación progresiva da idade de atención en saúde mental infanto-xuvenil ata os 18 anos ou implantar máis programas de hospitalización a domicilio
- Haberá programas e unidades monográficas de prevención do suicidio, a esquizofrenia ou o trastorno límite da personalidade
- Caamaño anuncia unha unidade de referencia para atender trastornos da conduta alimentaria no sur de Galicia
- Resérvanse 12 M€ para obras e novos equipamentos nesta área

O Consello da Xunta aprobou hoxe o novo Plan estratéxico de saúde mental de Galicia 2026-2030, que incrementará case nun 50 % o persoal sanitario especializado respecto o anterior Plan, reforzando a rede sanitaria pública con 357 novos profesionais en saúde mental. “Contará cun orzamento de 177 millóns de euros, o que duplica con creces o anterior”, indicou o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo.

Con este plan, o Goberno galego continuará a mellorar o acceso da cidadanía aos recursos de saúde mental, cun importante aumento de recursos e de persoal, tanto no ámbito da atención primaria como da hospitalaria. Isto contribuirá a unha atención máis eficiente desde fases iniciais ata idades avanzadas, garantindo a priorización da atención a persoas con trastornos mentais graves. “Traballamos para reforzar o benestar psicosocial da poboación e queremos avanzar cara un modelo asistencial máis accesible e coordinado”, indicou Calvo.

Con respecto aos recursos humanos, incorporaranse 124 facultativos especialistas de psiquiatría e psicoloxía clínica, dos que 22 deles se incorporarán de xeito progresivo á Rede de psicoloxía clínica de atención primaria ata o ano 2030, ata completar un equipo de 50 profesionais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cos primeiros 21 novos psicólogos clínicos contratados este mesmo ano, o Servizo Galego de Saúde puxo en marcha unha rede de psicoloxía clínica en atención primaria composta por 28 facultativos.

Esta rede ofrece intervencións individuais e grupais nos centros de saúde de referencia para facer fronte de forma precoz a trastornos de ansiedade e trastornos depresivos leves e moderados así como a trastornos adaptativos ou situacións de malestar emocional clinicamente significativo.

Xunto con eles, o sistema sanitario público verá reforzados os seus cadros de persoal con 233 novos profesionais de diversas categorías no ámbito da saúde mental. Nesta liña está prevista a incorporación de 101 novos profesionais de enfermaría especialistas en saúde mental, 68 técnicos en coidados auxiliares de enfermaría, 29 traballadores sociais, 21 terapeutas ocupacionais e 14 auxiliares administrativos.

Deste modo, a Xunta aumentará en case un 50 % o número de novos profesionais con respecto ao plan de saúde mental anterior, de 2020 a 2024, no cal se crearon 241 prazas. O custo acumulado en persoal de nova incorporación durante o plan 2026-2030 acadará os 52,7 millóns de euros.

Liñas de actuación

Tal e como explicou o conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Camaaño, o plan estrutúrase en seis liñas estratéxicas para favorecer o seu desenvolvemento, que se apoian en catro eixes transversais, que guían todas as accións do plan: humanización, sensibilización e loita contra o estigma; coordinación asistencial, optimización e recursos e sistemas de información; xestión do coñecemento, investigación e innovación; e resultados en saúde e indicadores.

Concretamente, as seis liñas estratéxicas céntranse en: trastorno mental grave, saúde mental na infancia e na adolescencia, saúde mental en idades avanzadas, trastorno mental común, programas e unidades monográficas, e trastornos adictivos e condutas relacionadas, con accións específicas orientadas aos colectivos de maior vulnerabilidade e tamén a aquelas patoloxías que presentan unha maior prevalencia na comunidade.

En canto á primeira liña de traballo, referida ao trastorno mental grave, céntrase en tratar os trastornos psicóticos ou os trastornos afectivos graves, que representan unha das principais causas de discapacidade e dependencia na poboación. Trátase, neste caso, de mellorar a calidade da atención, a efectividade clínica e a seguridade integral dos pacientes con esta patoloxía. Para iso, unha das medidas de maior relevancia será estender as unidades de rehabilitación psiquiátrica hospitalaria a todas as áreas sanitarias. Ademais, afondarase na transformación do modelo asistencial actual, co obxectivo de potenciar a contorna comunitaria e a proximidade dos pacientes que sofren trastorno mental grave. Así, buscarase mellorar a integración sociolaboral destes pacientes e evitar o seu illamento, apostando por un modelo de coidados baseados na hospitalización a domicilio e a posta en marcha de programas de atención intensiva. Neste marco, estenderase a hospitalización a domicilio (HADO), incrementarase o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

número de equipos de continuidade dos coidados e o número de prazas centros de rehabilitación psicosocial e laboral.

O novo plan do Servizo Galego de Saúde prestará especial atención a factores demográficos, como pode ser a idade, incorporando medidas vinculadas ás necesidades asistenciais que presenta cada segmento de poboación. Así, a segunda liña estratéxica abordará os coidados da saúde mental na infancia e na adolescencia, reforzando a detección temperá de condutas de risco e optimizando a coordinación entre os ámbitos educativo, social e comunitario. Entre as medidas previstas destaca, a ampliación, de xeito progresivo, da idade de atención á saúde mental infanto-xuvenil ata os 18 anos, incorporando unha carteira de servizos común en todas as áreas sanitarias, así como o deseño de programas de transición á vida adulta, para adolescentes con alta complexidade clínica. Tamén se impulsarán programas de hospitalización a domicilio en saúde mental infanto-xuvenil, como alternativa terapéutica flexible á hospitalización convencional e centrada na contorna familiar. Está previsto incrementar as camas de hospitalización infanto-xuvenil actualmente existentes en Galicia, coa apertura de novas unidades.

O plan tamén porá o foco na atención á saúde mental en idades avanzadas, promovendo actividades de apoio ás persoas maiores e tamén con accións que contribúan a evitar a soidade non desexada, conscientes de que o envellecemento da poboación supón un reto prioritario. Para iso articularanse diferentes programas específicos de psicoxeriatria en todas as áreas sanitarias, para mellorar a detección, o manexo clínico e a coordinación sociosanitaria dos trastornos mentais das persoas maiores e desenvolveranse actuacións destinadas á rehabilitación cognitiva, dentro das unidades de psicoxeriatria, que terán unha carteira de servizos común.

A cuarta das liñas estratéxicas do Plan de saúde mental de Galicia 2026-2030, centrada no trastorno mental común, principalmente a depresión e os trastornos de ansiedade leves ou moderados e os trastornos adaptativos. Representan uns dos motivos máis frecuentes de consulta nos centros de saúde, así como unha das principais causas de incapacidade laboral. Fortalecerase a capacidade diagnóstica e resolutiva dos profesionais de atención primaria na abordaxe dos trastornos mentais comúns, con programas formativos, e consolidarase a rede de atención psicolóxica en atención primaria cun modelo organizativo común que actúe como filtro efectivo e homoxeneizarase a atención nas unidades de saúde mental das distintas áreas sanitarias, evitando a cronificación dos trastornos mentais comúns. Estas accións permitirán priorizar as intervencións psicolóxicas fronte ao uso excesivo de psicofármacos na atención ao trastorno mental común.

Os programas e unidades monográficas constitúen a quinta liña estratéxica do plan, coñecedores de que algúns trastornos mentais requiren da posta en marcha de programas ou unidades que atendan especificamente trastornos cunha elevada complexidade e gravidade, entre as que destacan a conduta suicida, a depresión resistente, o trastorno límite da personalidade ou outras como a patoloxía grave e refractaria. A este respecto o plan busca expandir a carteira de programas monográficos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

en todas as áreas sanitarias, con circuítos e tempos de resposta definidos. Para iso constituiranse grupos de traballo multidisciplinares para a elaboración de protocolos e procedementos comúns. Destaca, neste apartado, a creación dunha segunda unidade para os trastornos da conduta alimentaria de referencia para casos de alta complexidade para o sur de Galicia, coa extensión de programas a todas as áreas sanitarias.

Os trastornos adictivos e condutas relacionadas completan as seis liñas estratéxicas que conforman o plan. Trátase, neste caso, de avanzar cara a un modelo máis integrado no que atinxe á atención das adiccións, optimizando e homoxeneizando os coidados dos pacientes con este tipo de trastornos. Neste marco crearase un grupo de traballo multidisciplinar de adiccións (con diferentes perfís profesionais), que se encargará da elaboración de documentos estratéxicos e circuítos asistenciais, unha vez que se integren no Servizo Galego de Saúde as unidades de condutas adictivas municipais.

Investimento en obras e actuacións concretas

Co incremento de persoal e un investimento previsto de 12 millóns de euros en obras, o departamento sanitario autonómico poderá ofrecer unha asistencia máis accesible e adaptada ás necesidades dos usuarios.

En concreto, prevese a construción, ampliación e adecuación de distintos dispositivos asistenciais. Tamén está previsto estender a todas as áreas sanitarias as unidades de rehabilitación psiquiátrica, ampliar os programas de hospitalización a domicilio no ámbito da saúde mental e tamén de equipos de continuidade de coidados de orientación comunitaria.

O conselleiro de Sanidade anunciou tamén a “creación dunha segunda unidade de referencia para os trastornos da conduta alimentaria de alta complexidade no sur de Galicia”.

Inclusión social

As medidas recollidas no Plan estratéxico de saúde mental 2026-2030 inclúen un incremento ata os 27.500.000 euros nas partidas destinadas a prazas de residencias especializadas e a pisos para pacientes de saúde mental, que contribúen a unha vida o máis independente posible.

Para reforzar a atención comunitaria no ámbito das adiccións, destinaranse preto de 50 millóns de euros aos convenios de colaboración que o Servizo Galego de Saúde mantén con entidades para o desenvolvemento de programas de apoio á asistencia, rehabilitación e incorporación social das persoas con trastornos adictivos. Nesta contía inclúense tamén os convenios para a atención xurídico-social a persoas con adiccións e o financiamento derivado da integración na sanidade pública, desde este ano, do persoal das 13 unidades municipais de atención ás drogodependencias.

Así mesmo, prevese unha dotación de 8.000.000 euros para as convocatorias anuais de subvencións, para entidades sen ánimo de lucro, destinadas ao financiamento de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

programas de atención sociosanitaria, rehabilitación psicosocial, apoio á inclusión social e laboral, promoción da autonomía persoal e apoio ás familias.

Adicionalmente, manteranse outros convenios estratéxicos, cun importe global de 1.050.000 euros, como son o Programa de atención integral ao médico enfermo (Paime), desenvolvido en colaboración co Consello Galego de Colexios Médicos, e o convenio que o departamento sanitario mantén coa Asociación de pais e nais de nenos e nenas con problemas psicosociais (Aspaneps).

Co dobre obxectivo de contribuír á inclusión social e laboral de pacientes con trastorno mental grave, a Consellería de Sanidade, en colaboración coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, seguirá a financiar prazas para que usuarios de centros de rehabilitación sexan guiados cara a itinerarios formativos co obxectivo de promover a adquisición dun emprego remunerado.

No ámbito da prevención, a Xunta manterá o programa YAM de promoción da saúde mental entre o alumnado de educación secundaria. O Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional colaboran para realizar intervencións na aula, das que xa se beneficiaron máis de 15.600 estudantes.

As sesións dirixidas ao alumnado de 3º da ESO, que seguen unha metodoloxía avaliada pola evidencia científica e deseñada polo Instituto Karolinska de Suecia, foron premiadas pola Unidade Administradora do Fondo Social Europeo, dependente do Ministerio de Traballo e Economía Social, como actuación máis destacada no ámbito da innovación social.

Estes dous últimos proxectos, por 26.162.952,03 euros, están cofinanciados pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027.

No seu conxunto, as distintas liñas de actuación do novo Plan estratéxico de saúde mental de Galicia 2026-2030 superarán os 177 millóns de euros, polo que a Xunta máis que duplicará o seu investimento neste ámbito con respecto ao Plan de saúde mental de Galicia poscovid-19 período 2020- 2024.

Modelo asistencial máis accesible, coordinado e centrado nas persoas

O Plan estratéxico de saúde mental de Galicia 2026-2030 explicita o compromiso da Xunta cun dobre propósito: reforzar o benestar psicosocial da poboación e reducir o impacto dos trastornos mentais mediante medidas integrais que aborden a prevención, detección e intervención temperás, a continuidade dos coidados, a recuperación e inclusión comunitaria.

Este compromiso concrétese na consolidación das medidas recollidas no anterior plan que amosaron a súa efectividade, reforzando agora a coordinación entre a atención primaria e hospitalaria, fortalecendo os circuitos asistenciais e implementando mecanismos de coordinación entre os sistemas sanitario, social, educativo e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

comunitario, co fin de promover intervencións oportunas, adecuadas e aliñadas coas necesidades de cada persoa e a súa contorna.

Procura unha atención orientada cara a un modelo comunitario, inclusivo e baseado en dereitos, favorecendo a recuperación, a autonomía persoal e a plena participación social co obxectivo último de dar resposta ao incremento sostido da demanda asistencial no eido da saúde mental, tendo en conta as singularidades demográficas, xeográficas e sociais da poboación galega.

O obxectivo último da Xunta é, segundo explicou Camaaño, "consolidar en Galicia un sistema de saúde mental accesible, humanizado e innovador", que combine a excelencia clínica coa atención comunitaria, incorporando a voz de pacientes e familiares e coordinado tamén cos ámbitos social e educativo. "A saúde mental é unha materia estratéxica e prioritaria para a Xunta", indicou.

O documento elaborouse de modo participativo e multidisciplinar e está aliñado co Plan de acción de saúde mental do sistema nacional de saúde, co Plan de acción de prevención do suicidio e coas recomendacións da Organización Mundial da Saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGA 133.000€ PARA INSTALAR UN SISTEMA DE CLIMATIZACIÓN NO CENTRO SOCIOCULTURAL DE PONTECESO

- O Consello dá luz verde ao convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Goberno local para unha actuación cuxo custo total é de 162.000€
- Trátase dunha intervención clave para a conservación dos fondos patrimoniais que custodia o inmovible e para o benestar das persoas usuarias
- Os traballos permitirán dotar o edificio, que alberga varios servizos, dos recursos necesarios para incrementar os seus usos e accións culturais
- A iniciativa vai na liña do compromiso do Goberno galego con manter nas mellores condicións os equipamentos culturais dos municipios

A Xunta de Galicia alcanzará 133.000€ para levar a cabo a instalación dun sistema de climatización no centro sociocultural de Ponteceso, respondendo así ás necesidades actuais dun edificio que ao longo dos últimos anos foi evolucionando nos seus usos e actividades. Así se informou hoxe no Consello da Xunta, onde se deu luz verde á sinatura dun convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Goberno local do municipio coruñés para a mellora deste equipamento, que comezou a funcionar en 2010.

Así, a actuación, para a que o Goberno galego destinará 50.402€ na anualidade de 2026 e 82.597€ na de 2027, está dirixida a executar definitivamente a preinstalación con que conta o edificio desde os seus inicios en previsión de que esta infraestrutura incrementa os seus servizos e accións culturais, que na actualidade alberga o Museo Etnolúdico de Galicia, unha biblioteca, unha sala de cine, unha aula de informática e oficinas.

Con esta axuda, o Concello de Ponteceso poderá finalizar a obra a partir das canalizacións, desaugadoiros, pasos de instalacións e espazos técnicos xa existentes necesarios para a implantación deste sistema definitivo. A intervención será clave para a conservación dos fondos patrimoniais que custodia o inmovible, como son pezas bibliográficas e museísticas sensibles ás variacións de temperatura e humidade. Neste senso, evitárase a deterioración progresiva do papel, téxtiles, madeira e outros materiais, ademais de repercutir no benestar das persoas usuarias dos seus servizos.

Cómpre lembrar nesta liña que a conservación preventiva en bibliotecas e museos recomenda manter condicións ambientais estables para minimizar a deterioración e garantir a preservación a longo prazo dos materiais que salvagarda. Por isto, a actuación permitirá mellorar a funcionalidade global do inmovible e asegurar unhas condicións axeitadas para o correcto funcionamento como centro cultural, así como a optimización da eficiencia enerxética e redución de custos de mantemento.

Con este novo acordo, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude mostra o seu compromiso coas administracións locais para que poidan ofrecer á veciñanza infraestruturas culturais de calidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A REMUDA XERACIONAL A TRAVÉS DUN CONVENIO CON FUNDAMAR PARA ACHEGAR AS PROFESIÓN DO MAR AO ALUMNADO DE SECUNDARIA

- O programa 'Dálle mar ao teu futuro' achegará á mocidade as oportunidades laborais da pesca artesanal e de litoral e os itinerarios formativos para acceder a elas
- A iniciativa chegará a un mínimo de 300 alumnas e alumnos de 3º e 4º da ESO de 14 centros educativos galegos entre 2026 e 2027

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Fundación para a Pesca e o Marisqueo (Fundamar) para desenvolver o programa *Dálle mar ao teu futuro*, unha iniciativa de orientación vocacional dirixida ao alumnado de educación secundaria obrigatoria (ESO) coa finalidade de achegar ás novas xeracións a realidade da pesca artesanal e de litoral e favorecer a remuda xeracional nun sector estratéxico para Galicia.

O proxecto permitirá dar a coñecer entre a mocidade as diferentes profesións vinculadas ao mar, as oportunidades laborais existentes e os itinerarios formativos necesarios para acceder a elas. A iniciativa buscará tamén mellorar a percepción social do sector pesqueiro, promover a igualdade de oportunidades e a presenza feminina e reforzar o vínculo das novas xeracións co territorio e coa cultura marítima galega.

O programa integrarase no proxecto *Sinerxía* da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e estará especialmente dirixido ao alumnado de 3º e 4º da ESO, unha etapa clave na toma de decisións sobre os futuros itinerarios académicos e profesionais.

As actividades combinarán materiais didácticos e audiovisuais con encontros e charlas de profesionais en activo, de maneira que o alumnado poida coñecer, de primeira man, as características do traballo no sector, os requisitos de acceso ás distintas profesións e as posibilidades de desenvolvemento profesional. Entre os perfís que se abordarán figuran os de patrón ou patroa local de pesca, patrón ou patroa costeiro polivalente e mariñeiro ou mariñeira pescador.

A primeira fase desenvolverase en 2026 con dúas actividades piloto, que permitirán validar os materiais e a metodoloxía. Xa en 2027, o programa ampliarase con outras doce actividades de orientación vocacional, ata acadar un total de 14 centros educativos e un mínimo de 300 estudantes.

Fundamar asumirá a dirección técnica e pedagóxica da iniciativa e coordinará a elaboración dos materiais, o acompañamento aos centros e a participación de profesionais do sector. Tamén se constituirá unha rede de profesionais colaboradores

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

das zonas norte e sur de Galicia, coa intención de ofrecer ao alumnado referentes reais e próximos e reforzar a conexión entre o sistema educativo e o tecido produtivo marítimo-pesqueiro.

Para achegar ao alumnado unha visión real, actual e próxima das profesións vinculadas á pesca artesanal e de litoral, afastada de estereotipos e baseada na experiencia directa das persoas que traballan no sector, elaboraranse, como parte da iniciativa, cinco pezas audiovisuais, catro delas protagonizadas por profesionais en activo —dúas mulleres e dous homes— e unha quinta de carácter inspirador e divulgativo. A través dos seus testemuños daranse a coñecer os seus percorridos profesionais, as características do traballo diario e as oportunidades laborais existentes, que ofrecerán á mocidade referentes diversos cos que poder identificarse.

A produción audiovisual permitirá tamén poñer en valor a importancia do sector pesqueiro para Galicia e para as comunidades costeiras, sensibilizar sobre a necesidade de garantir a remuda xeracional e presentar a pesca como un ámbito de emprego, innovación, sustentabilidade e futuro. As pezas empregaranse como recurso de apoio nas actividades de orientación dos centros educativos e poderán difundirse tamén a través das canles dixitais e das accións de comunicación do programa, ampliando así o seu alcance máis alá das propias charlas

A Consellería do Mar achegará 47.988,93 euros para o desenvolvemento das actuacións durante 2026 e 2027. O programa estará financiado nun 70 % polo Fondo Europeo Marítimo, da Pesca e da Acuicultura (FEMPA) e nun 30 % con fondos propios da Comunidade Autónoma.

A iniciativa enmárcase no obxectivo da Xunta de favorecer a incorporación de novas xeracións ao sector marítimo-pesqueiro e garantir a continuidade dunha actividade esencial para a economía e a identidade de Galicia. A divulgación das súas oportunidades profesionais contribúe tamén a reforzar o emprego e a actividade económica nas zonas costeiras, así como o arraigo da poboación nova e a transmisión da cultura marítima galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA UNHA NOVA LIÑA DE AXUDAS DE 4 M€ PARA EQUIPAMENTOS MECÁNICOS COS QUE REFORZAR A REXENERACIÓN DOS BANCOS MARISQUEIROS

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a estrea desta orde de axudas pioneira, cofinanciada nun 70 % polo FEMPA e dirixida a entidades xestoras de plans de marisqueo, como confrarías de pescadores e organizacións de produtores
- Cobre ata o 100 % do investimento, cun tope de 200.000 € por proxecto, para a adquisición de tractores, motocultores e elementos de arado e remoción do substrato
- Responde ao impacto das intensas choivas de comezos de ano e inclúe anticipos de ata o 90 % da axuda sen esixir garantías para achegar liquidez inmediata ao sector

O Consello da Xunta deu luz verde á primeira convocatoria da nova liña de axudas da Consellería do Mar, dotada con 4 millóns de euros, dirixida especificamente á adquisición de equipamentos destinados á restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables. Esta orde pioneira, cofinanciada polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), nace como resposta directa ao impacto dos temporais de comezos de ano, que causaron un prolongado descenso de salinidade, facilitando medios mecánicos para acelerar a recuperación dos bancos afectados.

Poderán concorrer a esta liña de apoio —tanto de forma individual coma mediante proxectos conxuntos— as confrarías de pescadores, as organizacións de produtores pesqueiros, as cooperativas do mar e as asociacións profesionais do sector que sexan titulares de plans de xestión marisqueira en réxime de coxestión e teñan a súa sede social en Galicia.

A orde financia a compra de maquinaria e equipos especificamente concibidos para acondicionar o terreo e favorecer a fixación e supervivencia dos bivalvos nos bancos costeiros e intermareais. Entre os conceptos elixibles inclúese a adquisición de vehículos tractores para labores de rexeneración, elementos remolcados para a remoción e o arado dos fondos nas zonas de produción de moluscos, así como motocultores ou elementos de arado mecánicos.

Ao tratarse de operacións de interese colectivo e non produtivo centradas na conservación e protección do medio mariño, a intensidade da subvención poderá acadar ata o 100 % do investimento elixible, fixándose un importe máximo de apoio de 200.000 euros por proxecto. Co propósito de dotar de liquidez as entidades e facilitar que poidan acometer as compras con rapidez, a orde recolle a posibilidade de solicitar pagamentos anticipados de ata o 90 % da axuda concedida sen necesidade de constituír garantías bancarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As solicitudes deberán tramitarse de forma electrónica a través da sede da Xunta nun prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da orde no Diario Oficial de Galicia.

Apoio ao sector

Esta nova convocatoria de axudas súmase a outras medidas de apoio postas en marcha pola Consellería do Mar, como a liña extraordinaria destinada á adquisición de semente e repoboación dos bancos danados, así como aos convenios de colaboración con confrarías e entidades do sector. Todo este paquete de actuacións intégrase no marco do plan extraordinario de choque de case 23 millóns de euros despregado pola Xunta para facer fronte ás consecuencias dos temporais e a caída de salinidade, consolidando o firme compromiso do Goberno galego coa recuperación integral das zonas de produción e coa viabilidade futura dun sector estratéxico para Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 6,3 M€ A MODERNIZAR O REXISTRO DE AUGAS PARA CONTAR CON INFORMACIÓN ACTUALIZADA, COMPLETA E DIXITAL DOS USOS DOS RECURSOS HÍDRICOS

- Dispoñer de datos fiables sobre os dereitos e os recursos comprometidos a través de concesións administrativas mellorará a capacidade de planificación e a xestión da auga
- Os traballos, que estarán completados ao longo de 2027, comprenden a revisión dos expedientes históricos, a dixitalización da documentación, a comprobación e actualización dos datos de cada aproveitamento e a localización xeográfica das captacións, entre outros
- A revisión de cada expediente pode dar lugar a actuacións como, por exemplo, completar ou actualizar a información rexistrada, corrixir erros, tramitar cambios de titularidade ou iniciar procedementos de extinción de dereitos
- Deben figurar no Rexistro, entre outras, todas as concesións asociadas tanto a aproveitamentos industriais, hidroeléctricos ou de abastecemento municipal como tamén as traídas veciñais ou mesmo pozos particulares

A Xunta destina máis de 6,3 millóns de euros a modernizar o Rexistro de Augas para contar con información actualizada, completa, dixital e xeorreferenciada dos recursos hídricos para coñecer mellor quen os utiliza, onde, para que finalidade e con que dereito. Así mesmo, contar con datos fiables sobre os dereitos e os recursos comprometidos mellorará a capacidade de planificación e a xestión da auga.

Deste xeito, o Consello da Xunta coñeceu un informe sobre esta actuación estrutural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a través de Augas de Galicia, para actualizar este rexistro que se inscriben as concesións e os demais títulos para a utilización da auga, permitindo coñecer e acreditar os dereitos existentes.

Cómpre lembrar que unha parte importante das inscricións existentes neste rexistro proceden de expedientes tramitados hai décadas, cunha estrutura e un nivel de información diferentes dos que require actualmente un rexistro electrónico. De aí a importancia do traballo que está desenvolvendo o organismo hidráulico desde que no ano 2023 licítase o contrato para a regularización integral do Rexistro de Augas de Galicia-Costa por un importe de máis de 6,3 millóns de euros, cofinanciado a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia-*NextGenerationEU*.

Esta actuación, na que traballan máis de 60 persoas, abrangue a revisión de arredor de 19.000 expedientes e inscricións de aproveitamento de diferentes tipos, así como unhas 10.230 revisións de campo, para aqueles casos nos que, tras a revisión documental, sexa necesario completar ou contrastar a información do expediente. Ata o momento xa se desenvolveu arredor do 50% dos traballos e a previsión é completar esta actualización ao longo do ano 2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En concreto, os traballos comprenden a revisión dos expedientes históricos, a dixitalización da documentación, a comprobación e actualización dos datos de cada aproveitamento, a adaptación das inscricións ás exixencias actuais, a localización xeográfica das captacións e, cando é necesario, comprobacións sobre o terreo. A maiores, tamén se está avanzando na implantación dunha nova aplicación electrónica do Rexistro para adaptalo aos requisitos da Base central da auga do Estado.

O obxectivo desta actuación é comprobar e actualizar a situación de cada aproveitamento, polo que a revisión de cada expediente pode dar lugar a distintas actuacións como completar ou actualizar a información rexistrada, corrixir erros, tramitar cambios de titularidade ou modificacións do aproveitamento, dar lugar á solicitude dunha renovación ou dunha nova concesión. Así mesmo, cando concorra unha causa legal, tamén se poderá iniciar un procedemento de extinción de dereitos.

Uso privativo da auga

A auga é un recurso público limitado e a súa utilización debe ordenarse de maneira compatible cos recursos dispoñibles, a protección do ambiente e os distintos usos existentes. Nesa liña, cómpre lembrar que o dereito ao uso privativo da auga pode adquirirse por disposición legal ou mediante concesión administrativa.

Así, a propia lexislación recoñece determinados aproveitamentos como os de augas pluviais ou estancadas dentro dunha parcela e os de mananciais ou augas subterráneas situados nela, baixo determinadas condicións. Á marxe destes supostos, o uso privativo da auga require unha concesión administrativa, que é a que determina quen pode utilizar a auga, de onde pode captala, para que finalidade, en que cantidade e durante que prazo.

Deste xeito, deben figurar no Rexistro, entre outras, todas as concesións asociadas tanto a aproveitamentos industriais, hidroeléctricos ou de abastecemento municipal como tamén as traídas veciñais ou mesmo pozos particulares.

Coñecer os dereitos existentes constitúe así unha ferramenta básica para identificar que recursos están legalmente comprometidos e contribuír, deste xeito, a mellorar a planificación, o control e a xestión da auga, algo que é especialmente importante nos períodos de menor dispoñibilidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA NOVAS MEDIDAS PARA O REFORZO EDUCATIVO CUN PROGRAMA DE APOIOS EXTRAESCOLARES E PLANS INTEGRAIS DE MELLORA PARA CADA CENTRO

- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes destaca que a principal medida ten por obxectivo reforzar a aprendizaxe do alumnado de 6º curso de Primaria que máis o precise para facilitar o cambio de etapa á ESO
- Impulsarase un sistema estable de mellora continua onde a avaliación e diagnose se traduza nunha resposta concreta, medible e adaptada á realidade de cada centro

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, deu conta hoxe da posta en marcha de novas medidas para a mellora do sistema educativo que inclúen un Programa de reforzo extraescolar, así como un sistema estable de mellora continua do sistema que permita desenvolver plans integrais con propostas específicas, concretas e adaptadas a cada centro de ensino.

Deste xeito, tal e como afirmou o conselleiro, desde a Administración autonómica estase a impulsar un novo marco de actuación orientado a "mellorar os resultados dos alumnos galegos" e á prevención das dificultades de aprendizaxe, apoiando a quen máis o precisa, en aras da igualdade de oportunidades.

Plan de reforzo para facilitar a transición de etapa

Diego Calvo indicou que este marco de actuación, que se desenvolverá neste curso, inclúe a posta en marcha dun Programa de reforzo educativo extraescolar dirixido ao alumnado de 6º curso de Educación Primaria no que decidirán participar os centros de xeito voluntario. O obxectivo é reforzar a aprendizaxe destes alumnos na transición á etapa de Ensino Secundario Obrigatorio, ESO. Ten unha finalidade fundamentalmente preventiva, enfocada a conseguir que o alumnado finalice a etapa coas aprendizaxes, competencias e hábitos necesarios para afrontar adecuadamente a seguinte etapa.

Estará dirixido, prioritariamente, ao alumnado proposto polos centros que presente maiores necesidades de reforzo, tendo en conta cuestións como as dificultades nas aprendizaxes esenciais, o nivel de adquisición das competencias, a súa evolución académica, necesidades detectadas polo equipo docente ou se hai situación de vulnerabilidade socioeducativa.

As actividades desenvolveranse fóra do horario lectivo, preferentemente nos propios centros e mediante grupos reducidos. En canto aos contidos, centraranse, principalmente, na consolidación das aprendizaxes esenciais, no reforzo das competencias lectora e matemática, na aprendizaxe de técnicas de estudo, organización e planificación e na adquisición de hábitos de traballo, autonomía e estratexias de aprendizaxe.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con esta medida, a Xunta de Galicia continúa afondando nos principios de equidade e igualdade de oportunidades que caracterizan o sistema educativo galego, xa que se facilita o acceso ao reforzo académico con independencia da capacidade económica das familias para recorrer a apoios alternativos.

Sistema de mellora integral e resposta personalizada

O conselleiro abondou que, paralelamente, a Consellería de Educación impulsará o deseño dun Sistema galego de mellora educativa integrado e estable que facilitará a identificación de dificultades para que os centros, en colaboración coa Inspección Educativa, poidan desenvolver “plans adaptados a cada realidade” de mellora acordes coas súas necesidades. Isto é, que a avaliación e a diagnose do sistema se traduza nunha resposta de mellora educativa concreta, medible e adaptada á realidade de cada centro.

O punto de partida serán os resultados das avaliacións de diagnóstico que se realizan cada ano en 4º de Primaria e 2º de ESO e para iso, ademais do rendemento competencial, teranse en conta variables como o nivel socioeconómico e cultural, o alumnado en situación de vulnerabilidade, o alumnado inmigrante ou o tamaño e as características do centro, entre outros.

A partir de todos estes datos deseñaranse actuacións centradas en cada caso e que poden abranguer cuestións como a mellora das competencias clave, o impulso de novas metodoloxías de aula, a atención á diversidade, a formación do profesorado, ou o fortalecemento do liderado pedagóxico.

Plan MEGA

Estas novas accións complementan as iniciativas que se están desenvolvendo ao abeiro do Plan MEGA, de Mellora Educativa de Galicia, a estratexia do Goberno da Xunta para incrementar o nivel das competencias clave do alumnado, personalizar o apoio educativo e a atención ás necesidades específicas e avanzar no modelo de ensino inclusivo polo que destaca o sistema educativo galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINOU PRETO DE 29 M€ NOS ÚLTIMOS TRECE ANOS PARA GARANTIR A SAÚDE E A VITALIDADE DO MONTE GALEGO

- Así se recolle no informe elevado hoxe ao Consello do Goberno autonómico, no que figuran as actuacións levadas a cabo para combater doenzas e pragas forestais, que nalgúns casos requiren o emprego de medios extraordinarios non asumibles para os particulares
- Para o control da avespiña do castiñeiro liberáronse máis de 7 millóns de exemplares de parasitoides e investíronse 10 millóns de euros
- A maiores, a Xunta tamén realizou actuacións de control para doenzas como o cancro do castiñeiro, o gurgullo do eucalipto, a banda marrón do piñeiro, a lagarta peluda ou a altica dos carballos
- De xeito complementario, estase a realizar un importante traballo na mellora e modernización na rede de viveiros públicos galegos conformada por un total de oito instalacións

A Xunta destinou preto de 29 millóns de euros desde o ano 2013 en traballos para garantir a saúde e a vitalidade do monte galego. Así se recolle no informe elevado hoxe ao Consello do Goberno autonómico, no que figuran as actuacións levadas a cabo con este obxectivo. Este orzamento materializa o compromiso do Executivo galego neste sentido por combater, mediante métodos de loita integrada, doenzas e pragas forestais que nalgúns casos requiren o emprego de medios extraordinarios non asumibles para os particulares e nos que a Xunta presta o seu apoio.

Este é o caso dos traballos de control da *Dryocosmus kuriphilus*, coñecida como a avespiña do castiñeiro. Para facer fronte a esta praga liberáronse máis de 7 millóns de exemplares de parasitoides (insectos que viven nos animais que provocan a praga e que rematan eliminando ao seu hóspede) desde o ano 2015 ata o ano 2025. Nesta estratexia de control investíronse preto de 10 millóns de euros. A maiores, a Xunta tamén realizou actuacións de control para doenzas como o cancro do castiñeiro, o gurgullo do eucalipto, a banda marrón do piñeiro, a lagarta peluda ou a altica dos carballos.

Cabe sinalar tamén que a Xunta mantén importantes redes de detección de danos nas masas forestais galegas que son de grande importancia práctica para a detección temperá de axentes prexudiciais nos bosques galegos. Por iso, de xeito complementario ás actuacións xa mencionadas, execútanse labores de mantemento de saúde e vitalidade nos montes de xestión pública.

Mellora da rede de viveiros públicos

De xeito complementario, estase a realizar un importante traballo na mellora e modernización na rede de viveiros públicos galegos conformada por un total de oito instalacións, das cales tres están localizadas na provincia da Coruña (o Centro de Sementes Forestais de Galicia en Carballo; o de Santa Cruz en Oleiros e o da Falmega en

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Oroso); dous en Lugo (o de Sambreixo en Guitiriz e Os Trollos en Bóveda); outros tantos en Ourense (o da Chaira en Pereiro de Aguiar e dos Milagros en Maceda) e o de Areas na provincia de Pontevedra; nos que se leva a cabo un importante traballo para a conservación de recursos xenéticos e de apoio a políticas ambientais, entre outras funcións.

Neste sentido, estanse a realizar obras de reforma, acondicionamento e mellora do Centro de Sementes Forestais de Galicia (Semfor), localizado en Carballo, encargado de procesar froitos e sementes das principais especies arbóreas para o seu subministro a viveiros de toda Galicia. Cabe sinalar que estas actuacións contan cun investimento de 1,5 millóns de euros. Nestes momentos tamén se está a traballar na adecuación das instalacións dos viveiros de Santa Cruz e Os Trollos, para reforzar a vertente divulgadora da cultura forestal, cun orzamento conxunto de preto de 450.000 euros.

Proximamente está previsto executar traballos de mellora no viveiro de A Falmega, co fin de optimizar os traballos de loita integrada contra doenzas e pragas forestais, conservación dos recursos xenéticos forestais, mellorar o manexo de plantas e sementes, e fomentar a divulgación e comunicación da cultura forestal. Deste xeito, poderá darse resposta ás necesidades que na actualidade exixen este tipo de labores.

Todas estas actuacións están enmarcadas nos obxectivos da revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 “cara á neutralidade carbónica” e reforzan o compromiso de Medio Rural nos programas de conservación e mellora xenética forestal.